



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E O CONCELLO DE RIÓS, PARA A REALIZACIÓN DUN CAMPO DE TRABALLO, DENTRO DA CAMPAÑA DE VERÁN DA XUNTA DE GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez Suárez,

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado ten previsto formalizar co concello de Riós o convenio arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a data da súa sinatura ata a finalización do campo de traballo e da extinción das obrigas previstas no mesmo.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Consellería de Política Social e o Concello de Riós para a organización do campo de traballo “*Conservación dos Soutos*” de temática medioambiental, que se desenvolverá dende o 11 ata o 21 do mes de xullo, no concello de Riós, como único emprazamento para desenvolver as actividades obxecto deste campo, en atención as súas características, recursos e dotacións da zona.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

I. Que á Consellería de Política Social, de conformidade co artigo 25 do Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, correspóndenlle a xestión das actuacións en materia de xuventude.

II. Que o Concello de Riós, de conformidade co artigo 34 da Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia, pode asumir competencias na xestión das políticas en materia de xuventude como consecuencia do asinamentos de convenios, dentro do marco de cooperación da Xunta de Galicia coa Administración Local.





III.- Que ambas as dúas partes son conscientes da importancia que ten potenciar os programas de actividades no ámbito da educación non formal como facilitadores da adquisición de competencias e valores por parte dos mozos e mozas participantes.

IV.- Que, nese ámbito, os campos de traballo son actividades incluídas dentro da Campaña de Verán da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, que teñen un claro compoñente de compromiso social e interese xeral encamiñadas a favorecer e fomentar a convivencia, a participación, a tolerancia e a solidariedade entre a mocidade e o seu contorno, mediante a colaboración desinteresada e voluntaria en traballos diversos, que reverten directamente na comunidade e entorno nos que se levan a cabo.

A través do programa Campos de traballo, a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado facilita que os mozos e mozas participantes leven a cabo, segundo a temática do campo, tarefas que teñen unha incidencia e beneficios directos no entorno local no que se desenvolven as actividades, ademais de contribuír ao enriquecemento persoal dos mozos e mozas participantes.

Os campos de traballo desenvólvense en localizacións específicas en función das súas características peculiares, que determinan a necesidade da actuación e que fan que un determinado ámbito devese como exclusivo para a consecución de determinados fins.

O concello de Riós aparece como a localización ideal para facer un campo de traballo debido aos valores inherentes á paisaxe do soto (cultural, antropolóxico, gastronómico, agrícola, ambiental, económico...) que atopamos neste concello.

Tomando como punto de partida estes valores e co obxectivo de protexelos e, na medida do posible, potencialos levarase a cabo este campo de traballo orientado ao coñecemento do soto e todas as súas dimensións.

Por outra banda, o concello de Riós merece unha especial atención ao falarmos da castaña galega, tanto pola calidade das súas variedades coma polo volume da súa produción que rolda os dous millóns de quilogramos anuais.

Neste concello atópase o Centro de Interpretación da Castaña. Tradición e modernidade son os ingredientes coa que xoga este centro para achegar aos visitantes a todo o referente á castaña e aos distintos aspectos do concello de Riós.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos no Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





En atención ao exposto, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asino esta memoria.

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2017

A Directora Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado
Cecilia Vázquez Suárez

